

### 1. TIPOS DE TRANSPORTE

Existen tres modalidades de transporte:

- a. TRANSPORTE REGULAR DE USO XERAL: servizo de transporte realizado dentro dun itinerario preestablecido e con suxeición a un calendario e horarios prefixados que van dirixidos a satisfacer unha demanda xeral, sendo utilizable por calquera persoa interesada.
- b. TRANSPORTE INTEGRADO: servizo de transporte combinado que pode transportar asemade menores (escolares) con destino u orixe un centro escolar (colexio ou instituto) durante o curso escolar xunto con outras persoas que adquiren o billete correspondente ata completar a capacidade do vehículo. En todo caso, a capacidade dispoñible para cada liña estará en función do número de prazas reservadas pola Administración para o seu uso por parte dos menores (escolares), prazas que non se poderán vender a ningunha persoa viaxeira aínda estando algunha delas baleira. Todo transporte integrado levará unha persoa acompañante/auxiliar de ruta.
- c. TRANSPORTE Á DEMANDA: servizo de transporte exclusivo para certas paradas en varias liñas de transporte integrado. As persoas viaxeiras que queiran empregar este servizo deberán solicitar con antelación á empresa de transporte a reserva de praza para un día e hora concretos. En caso contrario, a empresa de transporte non realizará a parada nin reservará praza algunha.

### 2. TÍTULO DE TRANSPORTE

Páx. 1 de 9

O título de transporte, billete ou tarxeta-abono, poderá ser adquirido ben no vehículo, ben nas oficinas da empresa de transporte. Prégase que a persoa viaxeira comprobe que o título de transporte emitido conteña todos os datos correctos respecto ao itinerario, día e hora solicitada. Aínda que a viaxe resulte gratuíta, para toda persoa viaxeira se lle emitirá billete.

O título de transporte é persoal e intransferible. A persoa viaxeira deberá portalo en todo momento mentres estea no interior do vehículo e durante a realización da viaxe, posto que lle poderá ser solicitado como comprobante por parte da persoa condutora, da persoa acompañante/auxiliar de ruta ou en caso de inspección. Ademais, o título permite á persoa viaxeira estar amparada polo Seguro Obrigatorio de Viaxeiros (SOVi) e constitúese como documento xustificante ante calquera reclamación

A persoa viaxeira que careza de título de transporte (billete ou tarxeta-abono) en vigor poderá ser sancionada.

Segundo o art. 5 da *Orde de 6 de marzo de 2008, pola que se regula a revisión das tarifas de servizos públicos regulares permanentes de transporte de persoas viaxeiras de uso xeral por estrada e de estacións de autobuses, de competencia da Xunta de Galicia*, a empresa de transporte está obrigada a facilitar cambios nos pagos efectuados con billetes de ata vinte euros (20 €).



### 3. CAMBIOS E ANULACIÓNS

A persoa viaxeira ten a facultade de desistir da realización da viaxe, solicitando da empresa a anulación do billete adquirido cunha antelación mínima de dúas (2) horas antes da saída do vehículo. Neste caso, a persoa viaxeira terá dereito ao cambio de billete ou á devolución do 90% do importe do billete se se solicita antes das corenta e oito (48) horas da saída do autobús; de solicitar o cambio ou a anulación con posterioridade a este prazo e ata dúas (2) horas antes da saída, terá dereito á devolución do 80% do importe do billete. De solicitarse con menos de dúas (2) horas de antelación, non terá dereito a devolución algunha nin a cambio de billete.

De non presentarse a persoa viaxeira na parada e na hora de recollida, levará consigo a perda da viaxe, non outorgando dereito algún de cambio de billete ou de devolución do seu importe.

### 4. DESCONTOS

Para poder beneficiarse dalgún dos descontos que a continuación se relacionan, haberá que presentar ante a persoa condutora ou, no seu caso, nas oficinas da empresa de transporte, documento oficial que certifique a condición de persoa beneficiaria. En caso contrario, non se aplicará a tarifa ordinaria ningún tipo de desconto. En todo caso, os descontos non son acumulables entre si.

- a. Persoas menores de 4 anos acompañadas: Viaxe gratuíta
- b. Familia numerosa:
  - i. Xeral: Desconto do 20%
  - ii. Especial: Desconto do 50%
- c. Persoa con discapacidade comprendida entre o 33% e o 64%: Desconto do 25%
- d. Persoa con discapacidade  $\geq$  65%: Desconto do 50%
- e. Persoa acompañante de persoa con discapacidade  $>$  33%: Viaxe gratuíta

Páx. 2 de 9

### 5. ABONOS

Existen dous tipos de abonos, para os cales se aplicará tanto nun coma noutro caso un 30% de desconto sobre o total das tarifas dos servizos de transporte comprendidos:

- a. Un abono escolar, válido durante o curso escolar e emitido para todas aquelas persoas que acudan a centros escolares e non dispoñan de transporte público gratuíta subvencionado pola Xunta de Galicia.
- b. Un abono mensual, de viaxes ilimitadas e válido por períodos mensuais, emitidos para todas aquelas persoas que realicen periodicamente servizos de transporte repetindo os mesmos lugares de orixe e destino.

### 6. ACCESO E DESCENSO DO VEHÍCULO

Toda persoa viaxeira deberá esperar na parada correspondente, ben na marquesiña, ben na beirarrúa. No caso de non existir, deberase agardar na beiravía na parte máis distante da estrada, respectando as normas de seguridade viaria. Prégase chegar con antelación á parada para evitar condutas que poidan implicar riscos ou nerviosismo.



Toda persoa viaxeira deberá acceder ao vehículo pola porta dianteira do vehículo, agás no caso de persoas con mobilidade reducida (PMR) que precisen de cadeira de rodas para o seu desprazamento, para quen se lles habilitará o acceso que corresponda segundo o tipo de vehículo e a adaptación do mesmo para a subida e baixada de persoas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas.

As persoas viaxeiras deberán dirixirse cara ao vehículo de maneira tranquila e segura. Realízase a subida ao vehículo de maneira ordenada e respectando a vez. Nunca se deberá subir ao vehículo ata que o vehículo se deteña por completo na parada. De existir persoa acompañante/auxiliar de ruta, haberá que esperar as súas indicacións.

Para realizar o descenso do vehículo, empregarase a porta traseira ou, no seu defecto, a porta dianteira. A persoa viaxeira deberá agardar a que o vehículo estea completamente detido na parada. Realízase a baixada do vehículo de maneira ordenada, respectando a vez de saída.

### 7. TRANSPORTE

Segundo o art. 11.2 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, a persoa condutora deberá efectuar as paradas e arrancadas sen sacudidas nin movementos bruscos, o máis preto posible do bordo dereito da calzada, e se absterá de realizar acto algún que lle poida distraer durante a marcha; a persoa condutora e, no seu caso a persoa acompañante/auxiliar de ruta, tanto durante a marcha como nas subidas e baixadas, velarán pola seguridade das persoas viaxeiras.

Páx. 3 de 9

Durante o servizo de transporte, toda persoa usuaria deberá proceder de maneira axeitada, sen prexudicar as condicións da viaxe ás restantes persoas usuarias nin causar discusión ou altercado coas restantes persoas viaxeiras ou co persoal.

Respectarase tanto o vehículo como as instalacións, especialmente, os mecanismos de apertura e peche dos vehículos, así como os dispositivos de seguridade e socorro.

Non se permite escribir, pintar, ensuciar ou danar o interior e o exterior do vehículo, nin botar ou arroxar desperdicios en lugares non habilitados para tal fin.

Non se permite comer, tan só se permite beber auga embotellada ou refrescos en lata, estando prohibida a utilización de envases de vidro e bebidas alcohólicas. Prégase o emprego das papeleiras para depositar o lixo e os envases.

Ningunha persoa deberá levantarse do asento nin andar polo corredor mentres o vehículo estea en circulación ou non estea completamente detido.



Procurarase ceder o asento ás persoas necesitadas, aquelas que pola súa condición o precisen: discapacitadas, embarazadas...

Durante o servizo de transporte integrado, a persoa acompañante/auxiliar de ruta aterase ao recollido no artigo 8 do Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores. Esta persoa, maior de idade, coñecerá o funcionamento dos mecanismos de seguridade do vehículo, encargada do coidado das persoas menores de idade durante o seu transporte e as operacións de acceso e abandono do vehículo, así como, no seu caso, da recollida e acompañamento do alumnado desde e ata o interior do recinto escolar. Esta persoa acompañante ocupará praza nas inmediacións da porta de servizo central ou traseira.

### 8. INCIDENCIAS NO TRANSPORTE

O tempo máximo de percorrido non poderá ser superior ao fixado en máis dunha cuarta parte.

Tan pronto como se teña coñecemento das alteracións do servizo que, por calquera razón, incluído allea á súa vontade, se produzan, a empresa de transporte comunicaraas e informará delas ás persoas usuarias a través de medios de comunicación de máxima audiencia na zona de servizo.

Así mesmo, a persoa viaxeiras deberá ser informada con suficiente antelación das posibles alteracións excepcionais na prestación do servizo (retrasos, desviacións da ruta, acurtamento do percorrido, realización de expedicións directas ou normais, etc).

Páx. 4 de 9

### 9. EQUIPAXE

Toda persoa usuaria poderá portar consigo equipaxe de man e/ou vultos. Non obstante, será a persoas condutora quen avaliará se resulta conveniente ou non que a equipaxe poida ser subida ao interior do vehículo ou ben teña que ser transportada no interior da bodega. De portar consigo a equipaxe, a persoa viaxeira deberá colocala no portavultos ou portaequipaxes do vehículo en condicións axeitadas, evitando que poida caer, deixando en todo caso o corredor accesible, sen obstaculizalo baixo ningún concepto. Segundo o artigo 8.2 da *Orde de 6 de marzo de 2008, pola que se regula a revisión das tarifas de servizos públicos regulares permanentes de transporte de persoas viaxeiras de uso xeral por estrada e de estacións de autobuses, de competencia da Xunta de Galicia*, as persoas usuarias do servizo de transporte poderán transportar en concepto de equipaxe, de forma gratuíta, dentro do prezo do título de transporte que en cada caso corresponda, ata un máximo de 30 quilogramos.

En caso de perda ou deterioro da equipaxe, a persoa viaxeira deberá presentar reclamación inmediata, exhibindo o seu título de transporte.

Segundo o artigo 23 da Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres, a responsabilidade polos danos ou perdas que sufran as equipaxes estará limitada a catrocentos cincuenta euros (450 €) por peza.



Segundo o artigo 3 do Real Decreto 1211/1990, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres, a responsabilidade por perda ou avaría que sufran as equipaxes estará limitada como máximo a 14,5 €/qg. A súa responsabilidade por perdas ou avarías que sufran os encargos que transporten estará limitada como máximo a 4,5 €/qg.

Segundo o artigo 23 da Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres e o artigo 3 do Real Decreto 1211/1990, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres, a vixilancia dos vultos de man corresponderá á persoa propietaria e, en consecuencia, serán da súa conta os danos que estes poidan sufrir mentres se atopan a bordo do vehículo, salvo que probe a responsabilidade da empresa transportista, en cuxo caso serán de aplicación as limitacións anteriormente previstas.

Todos os obxectos extraviados nos vehículos e que sexan recuperados polo persoal serán recollidos e gardados nas instalacións da empresa de transporte. A recuperación dos mesmos realizarase nas devanditas instalacións ou, segundo o caso, concretarase un lugar para a súa entrega, despois de realizar as comprobacións previas de pertenza oportunas.

### 10. TRANSPORTE DE PERSOAS MENORES DE IDADE

Segundo o art. 9 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, o número de persoas transportadas no vehículo non poderá ser superior ao das prazas autorizadas, o que significa que todas as persoas menores computan a efectos de números de persoas viaxeiras transportadas.

Para o transporte de bebés e infantes, non existen sistemas específicos de seguridade homologados adaptables aos vehículos da empresa de transporte, polo que se prega ás persoas responsables delas (pais, nais, titores ou titoras) seguir as medidas de seguridade supervisando que bebés e infantes viaxen da maneira máis cómoda e segura. En ningún caso, a empresa de transporte facilitará dispositivos de seguridade específicos para o seu transporte nos vehículos. Poderase subir a bordo do vehículo a cadeira de transporte sempre pregada ou ben transportala na bodega do vehículo sen custe adicional.

Calquera persoa menor de catro (4) anos e que vaia acompañada será beneficiaria dun desconto do 100% sobre a tarifa ordinaria, resultándolle gratuíta a viaxe.

Naqueles servizos de transporte nos que non haxa persoa acompañante/auxiliar de ruta e algunha persoa maior de oito (8) anos e menor de catorce (14) anos vaia viaxar soa no transporte, a persoa responsable dela (pai, nai, titor ou titora) deberá presentar un



documento escrito autorizando o devandito servizo e que se lle entregará á persoa condutora no momento de acceder ao vehículo. De todos modos, non se permitirá baixo ningún concepto o transporte de persoas menores de oito (8) anos sen acompañante.

### 11. TRANSPORTE DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Non existen limitacións para o transporte de persoas con discapacidade ou condicións especiais. De tratarse dunha persoa con mobilidade reducida, en concreto, precisando de cadeira de rodas para o seu desprazamento, naqueles vehículos adaptados para o transporte de persoas con mobilidade reducida deberá avisar á persoa condutora con antelación para poder accionar o sistema de subida ou baixada do vehículo con plataforma elevadora e ancorar ou desancorar do vehículo a cadeira de rodas.

Recoméndase poñerse en contacto con antelación coa empresa de transporte para informarse e confirmar que hai prazas libres no vehículo para un servizo concreto de transporte, xa que cada vehículo dispón dunha capacidade máxima de número de prazas para persoas con mobilidade reducida que se despracen en cadeira de rodas.

### 12. TRANSPORTE DE ANIMAIS

O acceso ao interior do vehículo con animais só está permitido para os cans guía. Para o transporte doutros animais de compañía, deberán ser transportados nas gaiolas ou nos transportíns de viaxe con chan impermeable pertencentes ás persoas viaxeiras, os cales irán sempre no interior da bodega do vehículo nas mellores condicións de seguridade, baixo responsabilidade en todo momento da persoa propietaria do animal. Procurarase que o animal a transportar se atope nas mellores condicións sanitarias e hixiénicas. Cada persoa viaxeira poderá transportar como máximo un animal de compañía consigo, tendo en conta a capacidade máxima do vehículo. Cobrarase un suplemento polo transporte de animais, en función do percorrido do servizo contratado.

Páx. 6 de 9

### 13. TRANSPORTE DE BICICLETAS

O transporte de bicicletas realizarase en todo caso no interior da bodega do vehículo, procurando cadansúas persoas propietarias aseguralas e embalalas convenientemente nalgún tipo de caixa ou bolsa para o seu transporte –preferentemente se desmontarán as rodas do cadro-, evitando que poidan causar prexuízos a outras equipaxes transportadas. Cada persoa viaxeira poderá transportar como máximo unha bicicleta consigo, tendo en conta a capacidade máxima do vehículo. Cobrarase un suplemento polo transporte de bicicletas, en función do percorrido do servizo contratado.

### 14. SEGURIDADE

Toda persoa viaxeira deberá seguir as recomendacións de seguridade do vehículo e do servizo de transporte. Todos os vehículos dispoñen de carteis e letreiros onde se recollen as medidas e consellos de seguridade a seguir durante o servizo de transporte.





En todo caso, seguiranse as indicacións e observacións proporcionadas pola persoa condutora e/ou persoa acompañante/auxiliar de ruta sobre as medidas de seguridade e actuación en caso de producirse un incidente, accidente ou continxencia.

Sempre que estea sentada na súa correspondente butaca, a persoa viaxeira deberá ter o cinto de seguridade posto correctamente.

### 15. RESPONSABILIDADE DA EMPRESA

A persoa viaxeira ten á súa disposición libro de reclamacións en cada vehículo e follas de queixas e suxestións nas oficinas da empresa de transporte.

A persoa viaxeira dispón das Xuntas Arbitrais do Transporte cuxo obxecto principal é resolver reclamacións de carácter mercantil relacionadas co cumprimento dos contratos de transporte terrestre e de actividades auxiliares e complementarias do transporte.

Segundo o art. 23 da *Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres*, no transporte de persoas viaxeiras por estrada, a empresa de transporte será responsable de cantos prexuízos ás persoas viaxeiras podan derivarse do seu incumprimento das obrigas e formalidades prescritas polas leis e regulamentos das Administracións Públicas, así como das actuacións que, como consecuencia de dito incumprimento poida adoptar a Administración, en todo o curso da viaxe e a súa chegada ao punto de destino, salvo que probe que dito incumprimento fora consecuencia dunha actuación levada a cabo sen o seu consentimento por algunha das persoas viaxeiras.

Páx. 7 de 9

A empresa de transporte non responderá de incumprimentos que non lle sexan directamente imputables, nin dos producidos por caso fortuíto, forza maior ou por atender esixencias legais ou administrativas. Tampouco se fará responsable das perdas de enlace dos seus propios servizos con outros, sexan estes propios ou alleos.

En caso de interrupción da viaxe por avaría do vehículo, a empresa de transporte adoptará as medidas necesarias para substituílo por outro, a fin de conducir as persoas viaxeiras ata o seu destino.

### 16. PROHIBICIÓNS

Segundo o art. 7 da *Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco*, queda terminantemente prohibido fumar no interior do vehículo. Así mesmo, está prohibido o consumo de substancias tóxicas ou estupefacientes. Tampouco está permitido comer ou calquera outra acción que poida implicar deterioro ou causar sucidade no vehículo.

Segundo o art. 11.2 do *Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade*

# XG533 “A Mariña-Viveiro-Ribadeo, con Anexos”

## CONDICIÓNS XERAIS DE TRANSPORTE



*viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, prohibese ás persoas viaxeiras:*

- a) Distraer á persoa condutora durante a marcha do vehículo
- b) Entrar ou saír do vehículo por lugares distintos aos destinados, respectivamente, a estas fins
- c) Entrar no vehículo cando se advertise que este está completo
- d) Dificultar innecesariamente o paso nos lugares destinados ao tránsito de persoas
- e) Levar consigo calquera animal, salvo que exista no vehículo lugar destinado para o seu transporte. Exceptúanse deste prohibición, sempre baixo a súa responsabilidade, ás persoas invidentes acompañadas de cans, especialmente adestrados como lazarillos.
- f) Levar materias ou obxectos perigosos en condicións distintas das establecidas na regulación específica sobre a materia.
- g) Desatender as instrucións que, sobre o servizo, dean a persoa condutora ou a persoa acompañante/auxiliar de ruta.

A persoa condutora e/ou a persoa acompañante/auxiliar de ruta poderá prohibir a entrada ao vehículo e ordenar a súa saída ás persoas viaxeiras que incumpran os preceptos establecidos con anterioridade. Tampouco serán admitidas no vehículo todas aquelas persoas que presenten síntomas de embriaguez, drogadición ou comportamentos incívicos ou inapropiados que poidan afectar ao resto das persoas viaxeiras e comprometer a seguridade da viaxe, coa finalidade de favorecer a seguridade e tranquilidade do resto das persoas usuarias, así como do persoal .

Páx. 8 de 9

Está prohibido falar coa persoa condutora, excepto cando o vehículo estea completamente detido, así como realizar calquera acción que poida distraer á persoa condutora, á persoa acompañante/auxiliar de ruta ou causar calquera prexuízo, molestia ou ofensa a esta ou ás restantes persoas viaxeiras.

Queda terminantemente prohibido modificar ou deteriorar calquera indicación ou cartel existente no interior do vehículo. Así mesmo, deberase procurar manter nas mellores condicións de hixiene, limpeza e mantemento o interior e exterior do vehículo, así como todos os seus elementos compoñentes (asentos, corredores, lunas...).

Toda persoa viaxeira deberá atender ás indicacións proporcionadas por parte da persoa condutora e/ou persoa acompañante/auxiliar de ruta, en especial en todo o referente coa correcta prestación do servizo, as recomendacións e observancia das medidas de seguridade e actuación en caso de incidente, accidente ou continxencia.

Para todas aquelas persoas que incorran en incumprimentos das obrigas recollidas no artigo 38.3 da *Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración*, non se permitirá o acceso ao vehículo. En particular, estas obrigas son:





- a) Aboar a contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas
- b) Tratar con respecto e coidado os vehículos cos que se preste o vehículo e os elementos e bens empregados na súa prestación
- c) Tratar con deferencia e respecto ao resto das persoas usuarias, así como ao persoal que preste o servizo
- d) Realizar un uso non abusivo dos servizos, é dicir, cando a súa conduta non obstaculice de maneira irracional, desproporcionada e evidente o bo funcionamento do servizo, ocasionando un prexuízo ao resto das persoas usuarias, á administración titular do servizo público e, no seu caso, ao prestador

### 17. ATENCIÓN Á PERSOA VIAXEIRA

A empresa de transporte establece as seguintes canles para proporcionar información ao respecto do servizos de transporte así como para prestar atención á persoa viaxeira:

- Oficinas: en Mondoñedo (Lugo), Avda. As San Lucas, 13, 27.740 e en Foz (Lugo), Avenida da Mariña, 47, 27.780
- Teléfonos de contacto: teléfono fixo 982.52.12.08 ou teléfono móbil 627.67.33.68, estando dispoñibles en horario de oficina de 08.00 horas a 21.00 horas de luns a venres laborables
- Páxinas web: [www.morangrupo.es](http://www.morangrupo.es), [www.viajesrodriguez.es](http://www.viajesrodriguez.es), [www.servizoademandamariña.gal](http://www.servizoademandamariña.gal),
- SMS ou whatsapp no número de teléfono móbil 627.67.33.68.
- Correo electrónico: [moran@morangrupo.es](mailto:moran@morangrupo.es), [vrodri@grupogea.com](mailto:vrodri@grupogea.com), [info@servizoademandamariña.gal](mailto:info@servizoademandamariña.gal)

Mondoñedo (Lugo), a 28 de setembro de 2017